



Asunto: escrito de queixa contra o maxistrado substituto D. Luís Carlos Mariana Niño

D. Francisco J. Rabuñal Mosquera, actuando como Decano do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, segundo o acordo adoptado pola súa Xunta de Goberno, perante o Presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia comparezo e EXPOÑO:

Que por medio do presente escrito e de acordo co establecido no Regulamento 1/1998, do 2 de decembro, do Consello Xeral do Poder Xudicial, de tramitación de queixas e denuncias relativas ao funcionamento dos Xulgados e Tribunais, interpoño QUEIXA polos feitos que se citan a continuación:

Por mor da baixa da maxistrada titular do Xulgado de Primeira Instancia Núm. 3 de Santiago de Compostela, foi designado no seu día como xuíz substituto a don Luis Carlos Mariana Niño, que vén desenvolvendo a súa actividade aproximadamente entre o 26 de outubro de 2016 e o 29 de agosto de 2017.

Desde que cesa no seu posto don Luis Carlos Mariana Niño, vénse dilatando a resolución dos procedementos pendentes de resolución definitiva, ata o punto de que moitas delas xa superan o ano de espera, sen que se observe ata a data unha solución a este atraso, malia os escritos de impulso que se presentaron e o tempo transcorrido.

Consciente de que a dita problemática xa foi tratada pola comisión da Sala de Goberno do TSXG nas sesións dos días 29 de setembro de 2017, 3 de novembro de 2017 e 24 de novembro de 2017 e que, así mesmo, na orde do día da reunión ordinaria do pleno da Sala de Goberno do día 20 de xullo de 2018, tamén se recollía o seguinte punto para tratar:

“13.4.- Se da cuenta del informe relativo a las sentencias dictadas por el juez sustituto, D. LUIS CARLOS MARIANA NIÑO, conforme al Acuerdo adoptado por el Pleno de la Sala, de 24 de noviembre de 2017.”

Así mesmo, e descoñecendo se existe algunha outra resolución ou trámite referente a este problema ou cales poden ser as causas concretas que levan a esta situación, consideramos que sería necesario que se adopten as **medidas inmediatas, suficientes e eficaces** que poñan fin a esta situación de dilación na Administración de xustiza, o que causa un grave prexuízo nos xusticiables.





Nº Registro: RS-00593

Of. Registro: ICA SANTIAGO

20/11/2018 18:19:27

Página: 2 de 2

REGISTRO SALIDA

Por todo o anterior, SOLICITO DO TSXG:

Que teña por presentado este escrito e que unha vez admitido a trámite **se proceda a tomar con urxencia as medidas necesarias para a resolución dos procedementos pendentes** no Xulgado de Primeira Instancia Núm. 3 de Santiago de Compostela, que debería resolver o xuíz substituto don Luis Carlos Mariana Niño, e que teña por manifestada a correspondente QUEIXA POLA DILACIÓN INDEBIDA.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2018

O decano

Francisco J. Rabuñal Mosquera

SR. PRESIDENTE DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA